

# O álbum musical en lingua galega: análise dende a perspectiva lingüística e cultural de Galicia



REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 40-42

**Antía Cores Torres**

Universidade de Santiago de Compostela

[antia.cores.torres@usc.es](mailto:antia.cores.torres@usc.es)

## INTRODUCCIÓN

Vivimos nunha sociedade plural na que coexisten diversas linguas e culturas que conseguiron sobrevivir o paso do tempo, as crises socioeconómicas e a ambigüidade cultural, mais que na actualidade se atopan nunha situación de alerta polo chamado proceso de homoxeneización por parte da cultura dominante que impón os seus esquemas de comportamento, rachando coas manifestacións diverxentes que tanta riqueza nos achegan (Busto, 2011).

Na investigación que presentamos tratamos de determinar se esta problemática que estamos a vivir na nosa comunidade autónoma, na que conviven dúas linguas e culturas que gozan de diferente prestixio, tamén se manifesta nos materiais didácticos de Educación Musical que nela se publican. Polo tanto, establécese como finalidade da investigación analizar se estes materiais didácticos recollen as particularidades de Galicia ou pola contra transmiten conceptos, ideas ou actitudes característicos da cultura hexemónica (Pereiras, 1993).

Entre a gran cantidade e diversidade de recursos de Educación Musical que se empregan na actualidade nas aulas decantámonos por analizar álbums musicais (materiais impresos e dixitais compostos de cancións que se combinan con contos, imaxes, vídeos e representacións), decisión que estivo baseada en dous motivos. Por unha banda, polo notable crecemento que experimentou este xénero nos últimos anos ao aumentar a cantidade de álbums publicados en galego así como o número de artistas e grupos ou compañías que participan nestas iniciativas nas que conxerxa a música e a literatura (para situármolos, estaríamos a falar, entre moitos outros, dos traballos de Mamá Cabra, María Fumaça, Pablo Díaz, A Gramola Gominola, As Maimi-

ñas, Paco Nogueiras etc.). E por outra banda, porque os álbums musicais son materiais que complementan o impreso (libro) co dixital (CD e/ou DVD) polo que permiten sacarles proveito ás potencialidades destes dous soportes á vez que mesturan o sonoro co visual, cuestión de suma importancia no desenvolvemento dos nenos e nenas (Gómez Espinosa, 2015).

### DESEÑO METODOLÓXICO

A metodoloxía empregada foi a análise de contido, definida por Ruiz (2007) como “unha técnica para ler e interpretar o contido de toda clase de documentos e, máis concretamente (aínda que non exclusivamente), dos documentos escritos” (p. 192). Para realizar esta análise deseñouse unha guía de avaliación que combina datos tanto cualitativos como cuantitativos e que foi sometida a un proceso de validación por sete expertos e expertas en Educación Musical, Lingua Galega e materiais didácticos para posterior-

mente, partindo das súas achegas, reconstruír o instrumento. No tocante á súa estrutura, está composta por setenta ítems aglutinados en sete dimensións que pretenden valorar a maior parte dos elementos constituíntes dos álbums musicais: introdución ou prólogo, texto escrito ou audio, cancións, imaxes, material audiovisual e actividades propostas.

Nestas dimensións, a través de ítems formulados de xeito interrogativo tanto de resposta dualizada como aberta, recóllense as seguintes cuestións:

- Actitudes lingüísticas e estereotipos que se transmiten nos álbums musicais tomando como referencia investigacións previas que reflicten as opinións da sociedade neste eido (Formoso, 2013; González González et al., 2003 e Iglesias, 2003).
- Detección de interferencias lingüísticas e desviacións da norma, así como a utilización das variedades dialectais do galego neste recurso.

- Tratamento do patrimonio cultural material e inmaterial galego nos álbums musicais mediante a análise da presenza ou ausencia de elementos característicos da nosa Comunidade Autónoma (citamos como exemplos xogos e xoguetes tradicionais, celebracións coma o magosto ou o Samaín, estruturas arquitectónicas coma os lava-doiros, os muíños ou as adegas etc). Á vez que tamén contemplamos outros aspectos que caracterizan a sociedade galega actual.

- Análise musical atendendo á melodía, ritmo, forma e instrumentación das cancións que compoñen os álbums musicais.

Coa guía deseñada avaliáronse dez álbums musicais en galego (cinco deles libro-CD e os outros cinco libro-CD-DVD) publicados no período comprendido entre o 2012 e o 2017 e que foron seleccionados a partir dunha poboación total de corenta e tres recursos, catalogados no momento da realización deste es-



tudo. No tocante á selección da mostra e tratando de que esta fose o máis rica e diversa posible, non analizamos máis dun material do mesmo autor ou autora e combinamos este criterio co criterio editorial, optando por álbums musicais publicados polas máis representativas neste eido e, dentro destas, os recursos máis recentes tanto en formato libro-CD coma libro-CD-DVD.

## RESULTADOS E CONCLUSIÓNS

A modo de síntese, e tras realizar a análise dos dez álbums musicais, obtivemos os seguintes resultados:

- Existen grandes diferenzas entre os recursos analizados posto que, mentres que algúns dos álbums musicais recollen os elementos a avaliar na guía, a maioría destes recursos non están adaptados ás particularidades da nosa comunidade autónoma, de xeito que poderían traducirse ao castelán e empregarse noutros lugares sen perder a súa esencia. Así mesmo, aqueles álbums musicais que na súa introdución manifestan a necesidade de traballar pola recuperación e mantemento da cultura e a lingua galegas son os que acadan, segundo a nosa análise, unha mellor valoración.
- Consideramos escaso o emprego de variedades lingüísticas xeográficas como a gheada e o seseo nos audios dos álbums musicais, a pesar de que cremos que a súa presenza sería moi positiva ao amosar parte da riqueza da nosa comunidade lingüística e ao constituír mostras auténticas de lingua (Areizaga, 2002) que axudarían á infancia a valorar a diversidade e dar un paso de cara á eliminación dos prexuízos e connotacións negativas que establecen diferenciacións entre o medio rural e urbano.
- Aínda que nos álbums musicais analizados non se recollen

estereotipos ou prexuízos da lingua e culturas galegas, tampouco se traballa na eliminación destes prexuízos mediante o fomento de actitudes lingüísticas positivas, atopando unicamente tres cancións (das máis de cen analizadas) cuxa temática xira ao redor desta potenciación.

- Se realizamos unha análise por dimensións, apreciamos como as imaxes do material impreso son o ámbito máis deficitario xa que naqueles exemplos que acompañan un texto no que si se mencionan trazos e sinais que caracterizan Galicia, as ilustracións non van en consonancia con este material impreso (ou auditivo) ao que fan referencia.
- Pola contra, o material audiovisual é a dimensión que acada os mellores resultados. Este feito non resulta estraño porque os vídeos están gravados en escenarios da xeografía galega, o que provoca que estean presentes exemplos da flora, fauna, arquitectura de Galicia, cuestións a avaliar nesta guía.

Para concluír estas liñas, resaltar que con este traballo demos un primeiro paso na ollada crítica dos recursos didáctico-musicais dende a perspectiva da lingua e cultura galegas, e alentamos a tela presente en todos os sectores que exercen influencia nos materiais didácticos, dende os produtores dos mesmos ata as familias ou profesorado que realiza a selección dos recursos a empregar.■

## REFERENCIAS

- AREIZAGA, E. (2002). El componente cultural en la enseñanza de lenguas: elementos para el análisis y la evaluación del material didáctico. *Cultura y educación*, 14(2), 161-175.
- BUSTOS, A. (2011). *La escuela rural*. Andalucía: Octaedro (Ediciones Mágica, S. L.)
- FORMOSO, V. (2013). *Do estigma á estima. Propostas para un novo discurso lingüístico*. Vigo: Xerais.
- GÓMEZ ESPINOSA, J. (2015). *Didáctica de la música. Manual para maestros de Infantil y Primaria*. La Rioja: UNIR.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. et al. (2003). *O galego segundo a mocidade. Unha achega ás actitudes e discursos sociais baseada en técnicas experimentais e cualitativas*. A Coruña: Real Academia Galega.
- IGLESIAS, A. (2003). *Falar galego: "no veo por qué"*. Vigo: Xerais.
- PEREIRAS, M. (1993). *Os materiais curriculares como recursos normalizadores*. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Política Lingüística.
- RUIZ, J. I. (2007). *Metodología de la investigación cualitativa*. Serie Ciencias Sociales, vol. 15. Bilbao: Universidade de Deusto.